

# Día das Letras Galegas de Florencio Delgado Gurriarán

## “E ti, de onde vés sendo?”

**Florencio Delgado Gurriarán** é de Valdeorras (Ourense) e levou as características da súa terra, a cultura do viño, a paisaxe, os costumes e tradicións, a cultura popular e a toponimia da súa comarca ao centro da súa poesía.



Neste poema publicado no libro *Galicia Infinda*, Colección Salnés, editorial Galaxia (1963) tes un bo exemplo. Nel fai unha comparación entre **os topónimos mexicanos** (país no que estivo exiliado moitos anos) e **os da súa terra valdeorresa** (onde viviu menos anos, mais onde quixo repousar para sempre).

### “NOMES”

Nomes de Michöacan,  
son garruleiro e lisgairo:  
Tsintsunsan, Paricutín,  
Sirahuen, Uruapan, Ario,  
Saráracua, Cupatizsio  
Tangancícuaro, Tacámbaro...  
Nomes de tarasca terra,  
¡rechouchío de paxaros!

.....  
Nomes da veira do Sil  
de antergo e de nobre alamio:  
Val de Afreixo, Val de Godo,  
a Pena da Moura, o Castro,  
Porto Mourisco, Baxeles,  
Córgomo, Castelo, Arnado,  
Outarelo, Millarouso,  
Portela, Cesures, Arcos...  
Nomes, nomes de Valdeorras,  
¡doce e sonoro canto!

Utilizou varios **pseudónimos** para ‘agochar’ a súa identidade nos tempos da ditadura, pero tamén para darlle presenza á súa comarca. Algúns deles foron Korgomófilo, Nadel, Porto do Río, Xan do Sil, Sil e R. Miño.

E agora, propoñémosche **un reto**:

1. Aprenderes topónimos e microtopónimos de Carnota, os máis próximos a ti.
2. Con algúns deles, compoñeres un poema ou un relato onde lles deas a importancia que para ti teñan. O que se pretende é que escribas un texto con intención literaria, en prosa ou verso, e incorpores nel os topónimos que che son próximos e a relación que con eles estableces.
3. Participar no concurso convocado polo EDLG do instituto.

### Que precisas?

1. Preguntarlles aos teus familiares e veciñanza por nomes de lugar, os máis próximos a onde ti vives. Poden ser nomes de terreos, de correntes de auga, de montes, de prados, de camiños, de areais...  
Tes que conseguir, como mínimo, 20 topónimos ou microtopónimos.
2. Comprobar na páxina [Galicia Nomeada](#) se xa aparecen nela.
3. Entregar o teu poema ou relato e depositalo nunha caixa situada na biblioteca.

**Participantes:** Pode participar todo o alumnado do IES Lamas de Castelo

### Como:

1. Anota todos os topónimos que conseguiches.
2. O teu poema ou relato.

### Modo de entrega:

Nunha caixa habilitada para o concurso na biblioteca.

Entrega o teu traballo baixo plica para garantir unha maior obxectividade.

Que é isto? Usa un pseudónimo para asinar a túa obra e métea nun sobre grande.

Dentro, noutro máis pequeno, pos o teu pseudónimo e indicas os teus datos reais (nome, apelidos, curso).

**Prazo de entrega:** ata o 13 de maio de 2022

### Premios: 1º, 2º e 3º

Maior número de topónimos (coa súa comprobación)

Mellor poema ou mellor relato

Os premios consistirán en vales de compra para a Libraría Chorima de 30, 20 e 10 €

Os mellores traballos publicaranse na páxina do IES e na revista dixital *O Gherreiro 2022*

**Xurado:** Alumnado do EDLG, Verónica (PAS), Lucía (PT) e Mariluz (EDLG)